



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 30 DE AGOSTO DE 2021

1. Ampliación do prazo da convocatoria de solicitude da cesión de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos).

Amplíase o prazo da convocatoria de solicitude da cesión de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos) durante a tempada 2021/22 en 6 días naturais, situando o remate do novo prazo de presentación de solicitudes no 6 de setembro de 2021.

2. Adxudicación da obra de rehabilitación do local arrendado a Afundación en Salvador Parga.

Primeiro: Adxudícase o contrato de referencia a favor da empresa OBRAS GALLAECIA SL por un importe de 217.451,41 euros (IVE aparte 21%: 45.664,80 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un xefe de obra técnico titulado superior a xornada completa, dous técnicos adicionais (topógrafos), a posta a disposición do Concello dun espazo habilitado con medios informáticos, unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do programa de actuación ambiental.

O control e seguimento deste contrato corresponde ao departamento municipal de Obras e Proxectos, que adscribe a este cometido ao xefe de servizo, Antonio Ranedo Santillana.

Segundo: Apróbase e dispónse o gasto necesario para o financiamento deste contrato.